Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 30 DE OUTUBRO DE 2026 | VIERNES, 30 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 208

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública do padrón fiscal do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2026

O día 21 de outubro de 2026 ditouse o Decreto da Alcaldía número 755/2026, cuxo teor literal é o seguinte:

*"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA***

Asunto: Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar. Setembro de 2026.

Expte. Admvo. núm.: 2026/X998/000043

Expte. Decreto núm.: 2026/G003/000777

Logo de ver a ordenanza fiscal número 25, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe, publicada no BOP nº 69 de 10 de abril de 2014.

Ao abeiro do previsto nos artigos 4 e 5 da mencionada ordenanza, e en cumprimento do ordenado en providencia da Alcaldía do día 21 de outubro de 2026 polo negociado de intervención e contabilidade, elaborouse o padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2026.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

***Primeiro.-** Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2026 que importa un total de catro mil seiscentos setenta euros e vinte céntimos (4.670,20 euros), que comprende un total de 106 recibos.*

***Segundo.-** Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica desta corporación, por un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).*

***Terceiro.-** Contra as liquidacións aprobadas, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o sr. alcalde-presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP.*

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

***Cuarto.-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública. Transcorrido o prazo do cobro en período voluntario procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 e 28 da LXT. Non obstante, tal e como prevé a Ordenanza Fiscal número 25, o cobro do prezo público realizarase unha vez transcorrido o período de exposición pública.*

Mándao e asínao o sr. alcalde en Laxe, na data da sinatura electrónica á marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, para os efectos exclusivos de transcrición ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde.A secretaria-interventora."

En Laxe, a 26 de outubro de 2026.

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

2026/6985

Número de anuncio 2026/6985